

COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE DEREITO ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 21 DE XULLO DE 2017

Acórdase por asentimento¹:

1º. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 8 de xuño e extraordinaria do día 30 de xuño de 2017.

2º. Solicitar ao profesorado con responsabilidades docentes nas materias con taxas –de éxito, rendemento e avaliación- inferiores, en máis dun 20 por 100, á media do curso correspondente e que non acudiron á reunión da Comisión de Calidade, nin remitiron informe sobre o particular, envíen unha valoración das circunstancias ao seu xuízo determinantes da referida situación.

3º. Solicitar, en cumprimento da Mellora “2016 GDT02” do Plan de Melloras do Centro e do Grao en Dereito para o curso 2016-2017, aos Vicedecanos con responsabilidades en materia de organización docente e calidade na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, a remisión das taxas de éxito, rendemento e avaliación, correspondentes aos cursos 2012/2013, 2013/2014, 2014/2015 e 2015/2016, das seguintes materias: Dereito penal II, Dereito internacional público, Dereito financeiro e tributario I, Dereito constitucional I, Dereito constitucional II, Dereito da Unión Europea, Sistema xudicial español e proceso civil e Dereito internacional privado.

4º. Levar a cabo as accións previstas para o Plan de internacionalización do Centro.

5º. Aprobar o Informe de seguimento do PAESU correspondente ao curso académico 2016-17 e a proposta de PAESU para o curso 2017-18.

6º. Validar os informes correspondentes ao PAT do curso 2016-17 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía.

7º. Que para incrementar o número de alumnado asistente ás xuntanzas do PAT do Grao en Dereito e do PCEO, a Sra. Coordinadora do mesmo ou algún membro do equipo decanal, se reúna cos estudantes de novo ingreso ao inicio do curso académico para trasladarlles os obxectivos do PAT e a súa utilidade.

8º. Validar o Informe da Sra. Coordinadora do Grao en Dereito sobre as guías docentes correspondentes ao curso 2017-18.

- 9º. Validar os Informes da Sra. Coordinadora académica e do Sr. Coordinador profesional do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2016-17.
- 10º. Validar os Informes das materias “Prácticas externas” e “Prácticas externas básicas” do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2016-17.
- 11º. Actualizar o Plan de promoción do Centro e aprobar o Informe de seguimento correspondente ao curso 2016-17.
- 12º. Aprobar as alegacións ao Informe de seguimento do Mestrado universitario en avogacía.
- 13º. Validar os novos procedementos de calidade.
- 14º. Validar a celebración da segunda edición do Foro e da Feira de Emprego Xurídico.
- 15º. Incorporar o Plan de Melloras do Mestrado universitario en avogacía ao Informe de revisión do sistema pola dirección.

Ourense, 21 de xullo de 2017



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 21 de xullo de 2017, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 24 de xullo de 2017.



Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.